

Curso académico: 2025/26

201891 - Sector Audiovisual

A guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente de acordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías.

Información da Guía Docente

Código materia: 201891

Titulación: 10013 - Grao en Comunicación Audiovisual

Tipo: Obrigatoria

Curso: 10098 - Grao en Comunicación Audiovisual: 3
10013 - Grao en Comunicación Audiovisual: 1

Número de ECTS: 6.0

Periodo: Segundo cuatrimestre

Idiomas:

Coordinación titulación: Ana María González Neira

Coordinación materia: Miguel Oliveros Mediavilla

Profesorado: Miguel Oliveros Mediavilla

1. Descrición xeral

Sector Audiovisual ofrece ao alumno os coñecementos específicos sobre o funcionamento institucional, económico e político do sistema audiovisual e dos actores que o integran (administración, empresas, soportes e audiencias). Preténdese unha aproximación ao sector audiovisual como industria.

Os profesionais da comunicación audiovisual necesitan saber como operan e interrelaciónanse os medios, as tecnoloxías e os produtos nun campo de actividade económica de crecente peso e influencia.

Considerando tanto os contidos como o contexto organizativo da materia, así como a importancia que a universidade ten á hora de contribuír a alcanzar os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) de Nacións Unidas, desde Sector Audiovisual traballárase tamén na xeración e difusión do coñecemento dos retos e desafíos máis urxentes que ten o mundo para gañar en prosperidade e sustentabilidade.

2. Resultados de formación e aprendizaxe (titulacións RD 822/2021) ou competencias (titulacións RD 1393/2007)

Competencias (titulación RD 1393/2007)

- [A03] Xestionar proxectos audiovisuais.
- [A04] Investigar e analizar a comunicación audiovisual.
- [A06] Coñecelo sector audiovisual: a oferta e as audiencias.
- [A09] Coñecelos modelos de xestión.
- [A10] Coñecelo marco legal e deontolóxico.

- **[B01]** Que os estudantes demostraran posuir e comprender coñecementos nun área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral, e adoitan atoparse nun nivle que, se ben se apoia en libros de textos avanzados, inclúe tamén algún aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu eido de estudo.
- **[B02]** Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ao seu traballo ou vocación dun xeito profesional e posúan as competencias que adoitan amosarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
- **[B03]** Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar os datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que acheguen unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética
- **[B04]** Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado como non especializado
- **[B05]** Que os estudantes desenvolvesen aquelas habilidades de aprendizaxe precisas para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía
- **[B09]** Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida e solidaria capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e imprantar solución baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común
- **[C01]** Entender a importancia da cultura emprendedora e coñecer os medios ao alcance das persoas emprendedoras.
- **[C02]** Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.
- **[C03]** Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.
- **[C04]** Valorar a importancia que ten a investigación, innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.

2.1. Resultados de aprendizaxe (titulacións RD 1393/2007)

Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
Coñecer a estrutura do sistema audiovisual español e internacional a partir da análise da radio, a televisión, o cinema, a animación e internet como mercado de produtos audiovisuais.	A3 A4 A6 A9 A10	B1 B2 B3 B4 B5	C1 C4
Análise dos elementos estruturais do mercado audiovisual mediante técnicas cuantitativas e cualitativas.	A4 A6	B2 B3 B4 B5	C1 C3 C4
Adquirir os hábitos de traballo individual e colaborativo para desempeñarse profesionalmente no sector audiovisual. Tomar decisións, asumir riscos e afrontar con madurez os acertos e erros derivados das mesmas. Capacidade de organización e temporalización das tarefas. Consultar se se necesita orientación: chegar a tempo coas preguntas e as dúbidas.	A3 A4 A6 A9	B2 B3 B4 B5 B9	C2 C3 C4

3. Contidos

Unidade de contido	Descrición	Resultados de formación e de aprendizaxe / competencias	Metodoloxías docentes e actividades formativas	Sistemas de avaliación
Tema	Tema 1. O sector audiovisual. Introducción: - Conceptos introdutorios e nocións xerais. - A estrutura, caracterización e clasificación da actividade empresarial da comunicación audiovisual. - A empresa audiovisual.			
Tema	Tema 2. Conglomerados e grupos mediáticos: - Caracterización e actores. - Tendencias.			

Unidade de contido	Descrición	Resultados de formación e de aprendizaxe / competencias	Metodoloxías docentes e actividades formativas	Sistemas de avaliación
Tema	Tema 3. Análise sectorial I. Estrutura do sistema radiotelevisivo: - Configuración do sector. - Datos estruturais do sector radiotelevisivo - Tendencias.			
Tema	Tema 4. Análise sectorial II. Estrutura do sistema cinematográfico: - Marco regulatorio europeo e español. - Cadea de valor: produción-distribución-exhibición - Políticas de fomento da cinematografía. - Premios e festivais.			
Tema	Tema 5. Análise sectorial III. O sector da animación: - A animación, industria global. - Tendencias e retos.			
Tema	Tema 6. As novas plataformas dixitais como innovación disruptiva: - Conceptualización, características e descrición do impacto das plataformas no sector audiovisual. - Os contidos e a súa distribución.			

4. Metodoloxías docentes e actividades formativas

Modalidade Presencial					
Metodoloxía	Descrición	Horas lectivas presenciais	Horas lectivas virtuais	Horas de traballo autónomo	
Proba de resposta breve [MAG29]	Proba obxectiva dirixida a provocar o recordo dunha aprendizaxe presentada. Preséntase un enunciado en forma de pregunta para responder cunha frase específica, palabra, cifra ou símbolo.	2,00	2,00	73,00	
Suma de horas por tipo		2,00	2,00	73,00	
Horas totais				77,00	

5. Avaliación

Modalidade Presencial			
Sistema de avaliación	Descrición	Ponderación (%)	
Proba de resposta breve [SEG29]	Proba obxectiva dirixida a provocar o recordo dunha aprendizaxe presentada. Preséntase un enunciado en forma de pregunta para responder cunha frase específica, palabra, cifra ou símbolo.	100,00	
Total (%)		100,00	

Todos os aspectos relacionados con dispensa académica, dedicación ao estudo, permanencia e fraude académica rexeranse de acordo coa [normativa académica](#) vixente na UDC.

5.1. Primeira oportunidade

A materia de Sector Audiovisual do Grao en Comunicación Audiovisual, para o curso 2025-2026, considérase unha

materia en extinción. A avaliación realizarase unicamente mediante un exame con preguntas de desenvolvemento curto.

Ortografía: as posibles faltas de ortografía nos exames e traballos baixarán de maneira significativa a cualificación dos mesmos.

O alumnado deberá consultar semanalmente o Moodle, xa que a través deste espazo docente virtual comunicaráse toda a información necesaria sobre a materia: documentos, avisos e cualificacións.

Alumnado con recoñecemento de dedicación a tempo parcial e dispensa académica de exención de asistencia: as actividades de avaliación e a súa valoración serán iguais. O traballo en grupo previsto poderá facelo individualmente, se fose necesario. A través das tutorías, o docente adaptará ás circunstancias do alumno/a as datas para realizar as actividades e facilitaralle a orientación necesaria para cursar a materia.

Incidencias por plaxio: a realización fraudulenta das probas ou actividades de avaliación, unha vez comprobada, implicará directamente a cualificación de suspenso na convocatoria na que se cometa: o/a estudante será cualificado con "suspenso" (nota numérica 0) na convocatoria correspondente do curso académico, tanto se a comisión da falta se produce na primeira oportunidade como na segunda. Para isto, procederase a modificar a súa cualificación na acta da primeira oportunidade, se fose necesario.

Observacións sobre a avaliación:

- **Cualificación de NON presentado:** correspóndelle ao alumnado cando só participe en actividades de avaliación que teñan unha ponderación inferior ao 20 % sobre a cualificación final, con independencia da nota acadada.
- **Sobre as condicións da proba obxectiva:** está prohibido acceder á aula de exame con calquera dispositivo que permita a comunicación co exterior e/ou o almacenamento de información.
- A realización fraudulenta das probas ou actividades de avaliación, unha vez comprobada, implicará directamente a cualificación de "0" na materia na correspondente convocatoria, invalidando calquera cualificación obtida en todas as actividades de avaliación da convocatoria extraordinaria.
- O uso da intelixencia artificial como ferramenta única nas actividades de avaliación continua suporá unha cualificación de "0".
- En todo caso e para todos os efectos, os aspectos relacionados con "exención académica", "dedicación ao estudo", "permanencia" e "fraude académico" rexeranse de acordo coa normativa académica vixente da UDC: <https://www.udc.es/es/normativa/academica/>.
- **Identificación do estudante:** o estudante debe acreditar a súa identidade de acordo coa normativa vixente.
- Dadas as características do exame de resposta múltiple, a hora de comezo será inescusablemente a fixada no calendario oficial de exames. Unha vez iniciado, ningún estudante poderá acceder ao mesmo.

5.2. Segunda oportunidade

Os criterios de avaliación son os mesmos ca na primeira oportunidade.

5.3. Oportunidade adiantada

Os criterios de avaliación son os mesmos que para a primeira e segunda oportunidade

5.4. Dispensa académica

As actividades de avaliación continua son dispensables, sendo obrigatorio para o alumnado con dispensa académica desenvolver as mesmas actividades de avaliación.

Acordarase un calendario específico de datas compatible coa súa dedicación.

En todo caso e para todos os efectos, os aspectos relacionados con "dispensa académica", "dedicación ao estudo" e "permanencia" rexeranse de acordo coa normativa académica vixente da UDC: [Normativa académica](#)

6. Bibliografía recomendada

Bibliografía Básica

- - (2018). Libro blanco : la industria española de la animación y de los efectos visuales. Diboos. Libro. [\[URL\]](#)
- Albornoz, Luis Alfonso, autor.; Bustamante, Enrique, coordinador. (2003). Hacia un nuevo sistema mundial de comunicación : industrias culturales en la era digital. Editorial Gedisa. Libro. [\[URL\]](#)
- Benito Rodríguez, María de, Oliveros Mediavilla, Miguel de (2024). Experiencias inmersivas sobre el terreno en zonas militarizadas : (2015-2023). Parte componente dunha monografía. [\[URL\]](#)
- Bonet, Montse, author., Bonet, Montse, coordinador. (2016). El Imperio Del Aire : Espectro Radioeléctrico y Radiodifusión. Editorial UOC, First edition.. Libro. [\[URL\]](#)
- Brevini, Benedetta, 1976- author., Swiatek, Lukasz, author. (2021). Amazon : understanding a global communication giant. Routledge, 1st ed.. Libro. [\[URL\]](#)
- Carrillo Bernal, Javier, autor., Olivares, Javier, escritor de un protocolo. (2018). Paradigma Netflix : el entretenimiento de algoritmo. Editorial UOC, 1st ed.. Libro. [\[URL\]](#)
- Clares Gavilán, Judith, autor., Neira, Elena, autor.; Merino Álvarez, Cristina, autor. (2019). La revolución over the top : del vídeo bajo demanda (VoD) a la televisión por internet. Editorial UOC, 1st ed.. Libro. [\[URL\]](#)
- Fernández Alonso, Isabel, ed. lit. (2017). Austeridad y clientelismo política audiovisual en España en el contexto mediterráneo y de la crisis financiera. GEDISA. Libro. [\[URL\]](#)
- Festival de Cine Español de Málaga; Caimán Cuadernos de Cine; Heredero, Carlos F., ed. lit. (2019). Industria del

- cine y el audiovisual en España estado de la cuestión 2015-2018. Festival de Málaga Cine en Español. Libro. [\[URL\]](#)
- Gutiérrez Montes, Eladio (2016). Televisión abierta situación actual y tendencias de futuro de la TDT. Colegio Oficial de Ingenieros de Telecomunicación. Libro. [\[URL\]](#)
 - Herbera, Joan, Neira, Elena, coord.; Linares, Rafael (2015). Marketing cinematográfico cómo promocionar una película en el entorno digital. Editorial UOC. Libro. [\[URL\]](#)
 - Infante Pineda, Sara., Lacasa, Pilar, prologuista. (2015). Vivir la radio : empresa, tecnología y audiencia. Editorial UOC, 1st ed.. Libro. [\[URL\]](#)
 - Miñarro, Laura (2013). Cómo vender una obra audiovisual una aproximación a la distribución de contenidos audiovisuales. Editorial UOC. Libro. [\[URL\]](#)
 - Neira, Elena (2015). La otra pantalla redes sociales, móviles y la nueva televisión. Editorial UOC. Libro. [\[URL\]](#)
 - Van Dijck, José, Salas, Hugo, trad. (2016). La cultura de la conectividad : una historia crítica de las redes sociales. Siglo XXI. Libro. [\[URL\]](#)

7. Recomendacións

Materias que se recomienda ter cursado previamente:

- Historia da Radio, a Televisión e a Multimedia (616G01002)
- Comunicación e industrias culturais (616G01009)

Materias que se recomienda cursar simultaneamente:

- Dereito (616G01005)
- Historia do cine e da animación (616G01006)
- Empresa (616G01010)

Materias que continúan o temario:

- Estudo da audiencia (616G01020)
- Organización e produción audiovisual (616G01029)

Observacións:

O estudo persoal é fundamental: nada pode suplir o tempo que o alumnado necesita para pensar e comprender os contidos. Nesta materia non se require tanto un exercicio memorístico como un traballo continuado que permita incorporar e consolidar os coñecementos. Ademais, é imprescindible consultar diariamente o espazo docente virtual (Moodle), xa que a través del se comunicarán todas as informacións necesarias sobre a materia: documentos, avisos e cualificacións.